



O Consello Galego da Competencia archiva un expediente sancionador por presuntas prácticas anticompetitivas no sector dos servizos de estomatoloxía en Vigo

Santiago de Compostela, a 16 de novembro de 2011. O Pleno do Consello Galego da Competencia acordou o arquivo do Expediente sancionador *S1/2001-Clínica Dental Vigo* por entender que non existen indicios de actos de competencia desleal susceptibles de falsear a libre competencia por parte da clínica dental denunciada.

O expediente se iniciou en virtude dunha denuncia presentada polo Colexio Oficial de Odontólogos e Estomatólogos de Pontevedra-Ourense.

O Pleno do Consello Galego da Competencia, aínda que apreciou que a publicidade da clínica denunciada puidese constituír un acto de competencia desleal consistente nun "engano por omisión", prohibido polo artigo 7 da Lei de Competencia Desleal, estima que o escaso alcance do medio publicitario empregado pola denunciada permite concluír que o acto non é susceptible de falsear a competencia en prexuízo do interese público, no sentido do artigo 3 da Lei de Defensa da Competencia. En consecuencia, acorda o arquivo do expediente seguindo o criterio achegado pola Dirección de Investigación.